

cunhas políticas positivistas e denodadas é non só viable senón tamén rendible ofrecer ao mundo a nosa cultura escrita. Ana Luna preséntanos no sexto capítulo o infindo esforzo de varias editoriais galegas que xa levan tempo facéndoos posible grazas á súa participación en feiras internacionais e a varios convenios plurilingües. Ademais dos proxectos propios internos, algunhas destas editoriais traballan a prol do noso desde fóra, ao igual que fixeron moitos galegos e galegas na emigración.

Para axilizar ese traballo, propoñen un mediador, alguén que busque nichos de mercado e saiba que ofrecer e a quen; alguén que facilite a distribución e sirva de ponte. Unha ponte como a que se fabrican moitos autores e autoras galegos para si mesmos ao traduciren as súas propias obras cara ao castelán, na procura doutros posibles mediadores cara a mercados estranxeiros.

E diso, de mercados, ou espazos culturais receptores, fálase no penúltimo capítulo do libro: mercados próximos, os ibéricos, cos que levamos moito tempo comunicándonos, como o castelán, o catalán, o éuscaro e o portugués; mercados cuns soños similares aos nosos, aqueles de linguas minorizadas, que buscan en nós, e nós neles, unha identificación, un ideal común, un diálogo que nos enriqueza a ambos; e mercados afastados, descoñecidos ata o de agora, emerxentes en busca dun oco nos andeis. O árabe, o kurdo ou o sardo son exemplos de linguas coas que xa comezamos a falar e que deberían supoñer só un paso máis na escalada da literatura galega cara ao chanzo que merece. Por, e para, iso lembranos esta obra que cómpre bosquejar xa unhas liñas de actuación, unhas estratexias de planificación específicas que socorran a literatura galega fronte aos ataques dunha globalización que debería resultar proveitosa polo intercambio cultural que permite, e non demoleadora por unha imposición que non achega nada.

Servíndonos desta ferramenta de traballo e da extensa recompilación de datos que nos ofrece, podemos espallar as nosas letras en busca de lectores, igual que buscaba socios o xabarlil

máis famoso da televisión autonómica entre os máis cativos.

Esta monografía chega a nós nun momento clave, en plena crise económica mundial; un momento no que os sucesivos recortes que están a aplicar os gobernos só permitirán saír adiante a quen saiba maximizar recursos, subirse ao tren con decisión, aos aleutos e aleutas que sexan quen de aproveitar as ocasións. É preciso editar tamén obras similares referentes ao estado das literaturas traducidas como o éuscaro, ou sobre períodos concretos da literatura española actual para contármonos cunha gran fonte de datos que nos permita buscar, e despois encher con traducións, ocos de mercado dentro do eido literario, e fomentar, así, o diálogo entre linguas e culturas. Quen sabe? Ao mellor algún día á galega deixa de chamárselle “emerxente”.

Marta IRAVEDRA

MARIÑO PAZ, Ramón / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié, Biblioteca Filolóxica Galega, Instituto da Lingua Galega, 170 pp.

O Romance da urca de Santo Antón (1777), subtítulo acertadamente como *Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*, constitúe un ensaio histórico-filolóxico composto por unha edición crítica e mais un estudo histórico e lingüístico dun romance bilingüe galego-castelán de 668 versos compilado no códice 1052B do Archivo Histórico Nacional de Madrid¹. Os seus autores, Ramón Mariño Paz (catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela), Margarita Sánchez Yáñez (licenciada en Historia pola Universidade de Salamanca e docente en Ferrol) e Damián Suárez Vázquez (licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor de lingua galega), realizan, por tanto, nesta valiosa monografía unha abordaxe

¹ Véxase un aproximación ao (con)texto do romance da urca de Santo Antón na reportaxe realizada a un dos autores do ensaio no programa Eirado da TVG: <http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/corte-a-corte/entrevista-ao-lingueista-ramon-marino-paz>.

múltiple (ecdótica, sociolingüística e histórica) dun dos poucos testemuños dezaoitescos redixidos en galego –neste caso, manuscrito– que hoxe conservamos. Como se recolle no apartado III.2 da obra (pp. 133-139), para alén dos breves fragmentos (liñas, cántigas, refráns, etc.) espallados por cartas e outros escritos en castelán (p. 137, n. 290), a produción manuscrita en galego que conservamos desta centuria é escasa (apenas dúas ducias de textos de diferente índole: véxase a Táboa 3, pp. 136-137), mais, con todo, resulta significativa, tanto pola súa extensión como pola súa repercusión histórica e lingüística, tendo en conta a preponderancia dalgúns destes escritos como a *Ystoria de la Santa Yglesia de Iria Flavia y Traslacion a la Compostelana* (1713-1737), de Pedro de Otero Romero y Torres, ou o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, composto polas máis de 1200 coplas de Martín Sarmiento (1746-1747).

Nesta nova publicación da Fundación Barrié (Biblioteca Filolóxica, Instituto da Lingua Galega) o estudo organízase en tres partes. Primeiramente, na “Edición do texto” (pp. 7-61, da autoría dos filólogos Ramón Mariño e Damián Suárez) descríbese o contido e establécense as coordenadas espazo-temporais, xenéricas e autorais que explican a motivación deste texto. Dunha banda (cap. 2), a composición relata a accidentada travesía da urca Santo Antón entre A Habana e Ferrol na primavera de 1777 (entre abril e xuño), viaxe na que os tripulantes sofren as inclemencias dunha forte treboada, ao final da cal, xa en terra firme, se celebra unha función relixiosa votiva na igrexa ferrolá de San Xiao onde se lle agradece á Virxe a intercesión polas súas vidas durante o perigoso itinerario. Porén, alén de relatar –con bastante fidelidade– este suceso histórico, o romance da urca confórmase como unha composición de carácter satírico na que se retrata cun ton informal a sociedade ferrolá da época: tanto o día a día da xente común como os costumes e vicios da xerarquía político-administrativa e eclesiástica. Canto a esta última, no romance críticase, ás veces de xeito hilarante, a conduta pusilánime, vaidosa, mesquiña ou fatua de certos representantes do estamento eclesiástico, como no caso do capelán do navío, Xosé Franco, ou do predicador Anxel Suárez, a quen se lle encarga a dita celebración votiva.

Canto á natureza xenérica do texto, os editores considéranlo como unha mostra de correspondencia en verso de carácter privado, “ou polo menos de circulación restrinxida, que non estaba destinado a ser feito público” (p. 10); unha modalidade creativa presente noutras mostras en galego coetáneas como no romance de María Francisca de Isla y Losada ao cura de Fruíme (1774-1777), na carta do cura de Esmelelle (1827) ou no poema de Xoán Manuel Pintos no que lle comunica ao seu pai o nacemento do seu fillo (1842).

Canto á datación (cap. 2), os autores deste estudo conclúen que o romance da urca debeu de se escribir no mes ou nos meses finais de 1777, unha data ben recuada que “supón un valor engadido para un texto galego que, cómpre recoñecelo, non destaca pola súa valía literaria, aínda que si é certo que ofece valiosísima información de carácter histórico e lingüístico” (p. 12). Canto á autoría desta peza anónima (cap. 4), os editores non foron quen de dar cunha conclusión plenamente satisfactoria, aínda que si se pode afirmar que se trataría dunha persoa culta, con bo dominio do castelán e nocións de portugués, moi próxima aos feitos narrados e aos protagonistas do relato; polo tema tratado, o dominio da materia bíblica e o uso de certas fórmulas piadosas en latín (p. 14), conclúen que talvez se trate dun crego ferrolán do momento.

Neste primeiro bloque do libro, tamén se inclúen –nos caps. 3 e 5– diversas informacións acerca da materialidade do soporte no que se acharon estes versos, así como do compilador –o erudito pontevedrés Eugenio Reguera y Pardiñas (1806-1866)– da colección de manuscritos recollidos no facticio do AHN onde se integran. Como os propios editores recoñecen, resulta significativa a inclusión de certas leccións revisadas por unha segunda man (non semella que houbera unha verdadeira motivación correctiva nin de adecuación da ortografía do orixinal ás súas preferencias, senón que simplemente procurou mellorar a lexibilidade da composición), responsábel, tamén, dunhas poucas notas informativas engadidas en nota a rodapé (pp. 13-14).

Nos dous últimos apartados deste primeiro bloque, preséntase a edición do texto (cap. 7), non sen antes detallar os criterios editoriais empregados (cap. 6). Emprégase un modelo de edición, ao noso xuízo, moi recomendábel e

axeitado á peza en cuestión (manuscrito único, texto en verso e de natureza privada), no que, malia o seu conservadorismo, permite un achegamento doado ao contido do texto e posibilita unha lectura comprensiva do mesmo. Trátase, por tanto, dunha edición moi conservadora, na que se respectan os usos gráficos orixinais (salvo confusión manifesta), se indican os desenvolvementos abreviativos en itálico e na que as intervencións sobre o texto tan só se limitan á modificación da puntuación e da segmentación gráfica, así como á puntual emenda no uso das maiúsculas e minúsculas. A edición inclúe, ademais, dous tipos de notas a rodapé diferenciadas tipograficamente: as redactadas polo revisor do manuscrito, que teñen intención informativa, e as elaboradas polos editores, que aclaran puntualmente o significado dalgunha palabra ou expresión e introducen unhas sucintas mais útiles informacións orientativas (sobre personaxes, edificios ou figuras mencionados no romance) para o lector. Ao remate da edición (pp. 43-48), engádesse un conxunto de notas de carácter paleográfico ou diplomático relacionadas coa transcripción e revisión do texto. Despois das referencias bibliográficas citadas (igual que acontece coas outras dúas partes do libro), o bloque primeiro finaliza cunha boa reprodución fotográfica dos folios do códice 1052B do AHN nos que se copia o romance da urca (pp. 50-61). É, en definitiva, un apartado moi completo e rigoroso, tanto no que se refire á propia edición dos versos, como no que atinxe aos estudos introductorios.

O segundo bloque desta monografía, realizado por Margarita Sánchez Yáñez, constitúe un pormenorizado estudo histórico no que, por unha banda, se valora a fiabilidade histórica da información fornecida polo romance da urca (pp. 65-86): as coordenadas autorais e cronolóxicas do poema, a descrición da urca de Santo Antón, o propio relato da viaxe e do voto á Virxe e, por último, a documentación exhumada na que se alude a este suceso. Doutra banda, a historiadora identifica e analiza devagar (pp. 87-112) os personaxes implicados na travesía e citados no poema: Xosé Franco, o capelán do navío; Ánxel Suárez, crego encargado da celebración votiva; Xosé Gómez, o piloto Xosé Iglesias, o contramestre Pedro, os cantores Mestre Freire e Nicolás Cordido e, finalmente, os músicos. Trátase,

por tanto, dunha abordaxe histórica detallada na que se contextualiza o poema e se discuten as circunstancias sociohistóricas nas que xurdiu. Este bloque complétase cunha breve análise da documentación referente ao estado das obras da igrexa parroquial de San Xiao, onde se celebra o voto (pp. 112-117), seguida da recompilación de fontes primarias (de arquivo) e secundarias empregadas para o estudo.

Finalmente, o terceiro bloque supón un completo estudo sociolingüístico da peza en cuestión (pp. 123-165), realizado por Ramón Mariño Paz, no que, por unha parte, se inclúe unha descrición nida e ben organizada das súas características gráficas, fonéticas, morfosintácticas, léxicas e fraseolóxicas máis salientábeis, e, doutra banda, se contextualiza a lingua do romance no ámbito do moderno proceso castelanizador da cidade de Ferrol e, así mesmo, no marco do cultivo literario do galego durante os Séculos Escuros. No primeiro caso, os trazos lingüísticos analizados aboan a hipótese, xa sinalada antes, de que o autor do romance é un crego ferrolán ou da contorna cun “notable coñecemento do galego popular da zona adobiado coa apertura a determinados préstamos dialectais, a non poucas transferencias tomadas do castelán da súa formación académica e mesmo a unhas poucas pingas procedentes do portugués” (p. 165). En segundo lugar, canto ás condutas lingüísticas observábeis no poema, o estudoso conclúe que o romance da urca reflicte o proceso da moderna castelanización lingüística de Ferrol nun estado incipiente: se por un lado se detectan “indicios ben claros da permanencia de importantes grupos de monolingües na cidade por volta de 1777” (p. 133), por outro, é patente tamén a conduta bilingüe galego-castelá tanto nas intervencións de certos personaxes do relato, como no propio narrador da historia; alén destas dúas situacións, tamén é significativo o caso do piloto da embarcación, que, malia ser “fillo de veciño” de Ferrol, aparece idiomáticamente singularizado cun pulcro castelán non contaminado por trazos galegos. Por último, canto ás motivacións para o emprego do galego no romance, de acordo con Mariño Paz (pp. 133-139), cómpre recoñecer un “espontáneo acatamento das esixencias do principio do decoro poético, non sempre respectado con todo o escrúpulo, e unha tácita reivindicación da dignidade da lingua

galega” (p. 139). O autor destes versos, malia proclamarse “jallejo castizo” (v. 12), basea de maneira constante a súa xustificación da lingua empregada no seu suposto dominio imperfecto do castelán.

En definitiva, convén recoñecer o carácter modélico desta obra, tanto pola rigurosidade dos estudos e da edición, como pola metodoloxía interdisciplinar coa que se opera; un ensaio que ilustra magnificamente o continuo labor de exhumación, edición e estudo dos textos do galegos medio (sécs. XVI-XIX) nos últimos anos. Nos anexos I e II (pp. 165-167), así como na bibliografía, pódese comprobar o gran volume de textos estudados até o momento, en boa medida, traballados polos dous filólogos e lingüistas que hoxe presentan esta monografía, especialmente no caso de Ramón Mariño Paz. Precisamente, o pasado 15 de febreiro de 2012, o Centro de Estudos Galegos da UCM tivo a pracer de convidar a este autor á Complutense e coñecer, en primicia, cando aínda o volume estaba no prelo, os versos do romance da urca de Santo Antón.

Ricardo PICHEL GOTÉRREZ

NICOLÁS, Ramón (2012): *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*. Vigo: Xerais, 623 pp.

Ramón Nicolás xa comezou a súa andadura na investigación do escritor celanovés vinte anos atrás; de feito é patrono da Fundación Celso Emilio Ferreiro. En 1992 estudaría *O soño sulagado* e despois virían múltiples análises, edicións e traducións. Nicolás chegaría a publicar *Conversas con Celso Emilio Ferreiro* en 2009, aínda que nunca coincidiran en tempo ou espazo.

Ferreiro faleceu en 1979, e precisamente esta magnánima biografía conmemora o centenario do seu nacemento (1912) na vila ourensá que percorrería para un programa da televisión uns días antes de morrer, á vez que vería a luz o seu derradeiro poemario, cuxo título é o referente para esta bela homenaxe que fai o estudoso Ramón Nicolás: *Onde o mundo se chama Celanova*, a mesma terra fecunda de letras que vería nacer a Curros Enríquez. Cen anos do seu nacemento e cincuenta da publicación da súa máis que coñecida obra *Longa noite de pedra* (1962),

unha tríade numérica perfecta para enxalzar a figura deste escritor fundamental na historia da nosa literatura.

A obra monumental que temos nas nosas mans, que me atrevería a dicir que é a biografía definitiva sobre o autor celanovense, segundo as propias palabras de Ramón Nicolás, conta “coa vontade de sumar para que ese lume que alampea xamais o vexamos morto”, palabras que aparecen no epitafio do escritor Celso Emilio Ferreiro Míguez e que cerra de xeito poético o apéndice fotográfico e documental da biografía. Sen dúbida, trátase dun volume dunha profundidade investigadora máis que notable e o segundo traballo destas características, logo dunha biografía asinada por Xesús Alonso Montero nos anos 80 e que tomaría como referencia, así como unha lista bibliográfica que ocupa catorce páxinas do volume.

Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro comeza con oito citas, entre elas unha declaración de intencións do protagonista desta homenaxe de máis de seiscentas páxinas: “Unha biografía es siempre unha invención, un descubrimiento en el que, en cierta manera, el biógrafo crea su biografiado (1954)”. Despois da súa lectura, a selección desta cita é bastante reveladora, xa que Ramón Nicolás non se limita a relacionar as súas vivencias coa análise da súa obra, senón que vai máis alá e introduce pasaxes fabuladas da súa vida persoal, ademais de proporcionar un riquísimo arquivo de epístolas persoais, inéditas até o de agora. “O lector, a lectora, advertirá algún texto, polo medio e medio, que pouco ten que ver cunha biografía canónica” (p. 12), cualificando estas pasaxes como licenzas narrativas e que achegan a Celso Emilio ó lector, o derradeiro fillo duns pais agarrimosos, o pequeno trasno xogando no alpendre e cansando a súa xa maior nai. “Emiilio, lampantín! Que andarás a faguer? E inda vou ter que baixar?” (p. 39).

Os textos de Celso Emilio, xa sexa a súa obra, as cartas ou os escritos oficiais, emprazados no seu tempo e o seu contexto persoal e esa fabulación da realidade, ofrécennos un percorrido máxico. Unha invitación a coñecer o escritor e tamén o home: o fillo, o celanovense, o marido, o pai, o amigo, o exiliado, o galeguista incansable. Precisamente, iso é o que rubrica o título: “O mundo onde se chama Celso Emilio